



Facultade de Fisioterapia

Presentación

Teño o pracer de presentar a Guía Docente do Grao. Nela atoparedes información sobre o Centro e sobre a docencia como é o calendario académico, calendario de exames, horarios, guías docentes das materias e outra información relevante.

Esperamos que a información que presentamos sirvavos de orientación para a vosa formación.

Quero agradecer a tódalas persoas que co seu esforzo e traballo fixeron posible a edición desta Guía

Pontevedra, 16 de xullo de 2015

A Decana

Eva María Lantarón Caeiro

Localización



Facultade de Fisioterapia de Pontevedra

Campus da Xunqueira s/n, 36005 Pontevedra

Teléfono: 986 80 17 50

Fax: 986 80 17 80

Correo: sdfisioterapia@uvigo.es

Equipo Decanal Centro e Directivo dos Departamento

EQUIPO DECANAL DO CENTRO:

Decana Eva María Lantarón Caeiro

Teléfono: 986 80 17 50 ou 986 80 17 52

Correo: direccionfisioterapia@uvigo.es

Vicedecano: José Manuel Pazos Rosales

Teléfono: 986 80 17 50 ou 986 80 17 52

Correo: subdireccionfisioterapia@uvigo.es

Secretaria: M^a del Rocío Abalo Núñez

Teléfono: 986 80 17 50 ou 986 80 17 52

Correo: secretariafisioterapia@uvigo.es

DEPARTAMENTOS:

DEPARTAMENTO DE BIOLOXÍA FUNCIONAL E CIENCIAS DA SAÚDE

EQUIPO DIRECTIVO:

Director: José Manuel García Estévez

Secretario: M^a José Pérez Álvarez

Sede: Facultade de Bioloxía, Campus de Vigo

Correo: depc01@uvigo.es

Teléfono: 986 812646

Fax: 986 812646

DEPARTAMENTO DE ANÁLISE E INTERVENCIÓN PSICOSOCIOEDUCATIVA

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: Carmen Verde Diego

Secretario: Antonio López Castedo

Sede: Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

Correo: depx01@uvigo.es

Teléfono: 988 387108

Fax: 988 387159

DEPARTAMENTO DE DIDÁCTICAS ESPECIAIS

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: Ángeles Fernández Villarino

Secretario: Javier Blanco Sierra

Sede: Facultade de Ciencias da Educación. Campus de Ourense

Correo: depx05@uvigo.es

Teléfono: 988 387145

DEPARTAMENTO ESTADÍSTICA E INVESTIGACIÓN OPERATIVA

EQUIPO DIRECTIVO:

Director: Javier Roca Pardiñas

Secretaria: Tomás R. Cotos Yañez

Sede: Facultade de Ciencias Económicas e Empresariais. Campus de Vigo

Correo: depc05@uvigo.es

Teléfono: 986 812440

Fax: 986 812401

DEPARTAMENTO DE FILOLOXÍA INGLESA, FRANCESA E ALEMÁ

EQUIPO DIRECTIVO:

Directora: Elena Seoane Posse

Secretaria: Rosalía Rodríguez Vázquez

Sede: Facultade de Filoloxía e Traducción. Campus de Vigo

Correo: deph04@uvigo.es

Teléfono: 986 813799

Fax: 986 813799

Servizos e infraestructuras do Centro

Persoal de Administración e Servizos

P.A.S.	Posto	Teléfono	Correo
Clara Pérez Quiñones	Xefa de Negociado	986-801775	secfisio@uvigo.es
M ^ª Purificación Sánchez Arias	Secretaría de Decanato	986-801752	sdfisioterapia@uvigo.es
M ^ª Begoña López Pérez	Asuntos Económicos	986-802025	repaecsf@uvigo.es
Marina Núñez Ocampo	Auxiliar Técnico de Servizos Xerais	986-801750	confisio@uvigo.es
José Ángel Ocampo Luaña	Auxiliar Técnico de Servizos Xerais	986-801750	confisio@uvigo.es

Instalación e Servizos do Centro

Normativa e Lexislación

Normativa solicitude de espazos e material

Calendario Académico

Calendario académico

Cronograma

Horarios

Horarios 1^º curso

Horarios 2^º curso

Horarios 3º curso



Horarios 4º curso

Calendario exames

Calendario exames

Tribunais

Tribunais avaliación

Horario de titorías

Horario titorías

Grao en Fisioterapia

Materias

Curso 2

Código	Nome	Cuadrimestre	Cr.totais
P05G170V01301	Afeccións cirúrxicas	1c	6
P05G170V01302	Afeccións médicas	1c	6
P05G170V01303	Cinesiterapia	1c	9
P05G170V01304	Fisioterapia xeral	1c	9
P05G170V01401	Electroterapia e ultrasonoterapia	2c	6
P05G170V01402	Fisioterapia manipulativa articular	2c	9
P05G170V01403	Radioloxía	2c	6
P05G170V01404	Saúde pública e fisioterapia comunitaria	2c	9

DATOS IDENTIFICATIVOS**Afeccións cirúrxicas**

Materia	Afeccións cirúrxicas			
Código	P05G170V01301			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Magdalena Lopez, Carlos Jose			
Profesorado	Magdalena Lopez, Carlos Jose			
Correo-e	cmagdalena@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
B1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.
B5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
B12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
B14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
C14	Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e pronóstico; as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de fisioterapia
C15	Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloxía endóxena e exóxena relacionada coa fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos
C22	Coñecer e comprender as teorías que sustentan a capacidade de resolución de problemas e o razoamento clínico
C35	Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais
C38	Executar, dirixir e coordinar, o Plan de Intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais, discapacidades e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde
C42	Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade
C45	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional
D1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.
D2	Capacidade de análise e síntese.
D3	Capacidade de organización e planificación.
D4	Capacidade de xestión da información
D5	Resolución de problemas
D6	Toma de decisións
D9	Compromiso ético
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Motivación por a calidade.
D17	Adaptación a novas situacións
D23	Traballar con responsabilidade
D24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora
D29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Posuír e comprender coñecementos da patoloxía do aparato locomotor humano e da medicina actual para aplicalos o uso da fisioterapia.	B1	C14	D1
	B5	C15	D2
	B12	C35	D5
		C38	D6
		C42	D9

Valorar a saúde dun paciente en todos os seus aspectos con especial atención ao aparato locomotor.	B1 B5 B14	C14 C15 C22 C35 C42	D1 D2 D4 D5 D9 D11 D12 D17 D23
Coñecer e comprender a dinámica da adquisición dos coñecementos en medicina e a súas fontes de información.		C22 C38 C45	D1 D2 D3 D4 D9 D12 D15 D16 D17 D23 D24
Coñecer e comprender a súa competencia profesional e os seus límites e a necesidade do traballo en equipo.	B5 B12 B14	C15 C22 C35 C38	D4 D5 D6 D9 D11 D12 D15 D16 D17 D23 D29
Posuír e comprender coñecementos da patoloxía cirúrxica humana e da medicina actual para aplicalos ao uso da fisioterapia.	B1	C14 C15	
Comprender a necesidade de fomentar a participación do usuario e a súa familia no seu proceso de recuperación.		C22 C35	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D11 D16 D17 D23

Contidos

Tema	
1.- Principios xerais da exploración dun paciente cun problema ortopédico.	1.1. Historia clínica. 1.2. Anamnesis. 1.3. Antecedentes. 1.4. Exploración física. 1.5. Exploracións complementarias.
2.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica da columna cervical e exploración dos nervios segmentarios e periféricos do membro superior	2.1. Patoloxía da columna cervical: 2.2. Plexo braquial. 2.3. Nervios periféricos do membro superior.
3.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica do ombro.	3.1. Introducción. Articulacións. 3.2. Fisioloxía articular. Biomecánica. 3.3. Movementos. 3.4. Exploración física. 3.5. Exploracións complementarias. 3.6. Afeccións do ombro.
4.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica do cóbado.	4.1. Recordo anatómico. 4.2. Exploración física do cóbado. 4.3. Enfermidades do cóbado.

5.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica da boneca e da man	5.1 Boneca. Recordo anatómico. 5.2 Exploración da boneca. 5.3 Enfermidades da boneca. 5.4 Man. Recordo anatómico, movementos. 5.5 Exploración da man. 5.6 Enfermidades da man.
6.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica da columna toracolumbar e exploración dos nervios segmentarios e periféricos do membro inferior.	6.1 Columna toracolumbar. 6.1 Sistema nervioso da columna. 6.2 Sistema nervioso dos membros inferiores.
7.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica da cadeira.	7.1 Recordo anatómico. 7.2 Evaluación da cadeira. 7.3 Enfermidades da cadeira.
8.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica do xeonllo.	8.1 Recordo anatómico. 8.2 Exploración do xeonllo. 8.3 Enfermidades do xeonllo.
9.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica da tibia e do nocello.	9.1 Tibia. 9.2 Nocello.
10.- Clínica, diagnóstico e tratamento cirúrxico da patoloxía ortopédica do pé.	10.1 Características anatómicas. 10.2 Exploración do pé no neno. 10.3 Exploración do pé no adulto. 10.4 Enfermidades do pé.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	2	0	2
Sesión maxistral	38	82	120
Seminarios	8	18	26
Probas de tipo test	1	0	1
Probas de resposta curta	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia obxecto de estudo, bases teóricas e/ou directoras dun traballo, exercicio ou proxecto a desenvolver polo estudante.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permitan afondar ou complementar os contidos da materia

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	Exposición de dúbidas por parte do alumno na elaboración do traballo e seminarios e a súa resolución por parte do profesor.

Avaliación

Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Sesión maxistral	80	B1	C14	D1
O exame teórico terá un valor do 80%		B5	C15	D2
En maio consta de 50 preguntas con 5 respostas		B12	C22	D3
Só será válida unha contestación		B14	C35	D4
As preguntas mal contestadas restarán puntuación (1/3 do acerto)			C42	D5
En xullo consta de 5 preguntas curtas.			C45	D6
				D9
				D12
				D15
				D16
				D17
				D23
				D24
				D29

Seminarios	Valorarase a asistencia e participación nos seminarios. Sendo a asistencia obrigatoria.	20	B1 B5 B12 B14	C14 C15 C22 C35 C38 C42 C45	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D9 D11 D12 D15 D16 D17 D23 D24 D29
------------	---	----	------------------------	---	--

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para aprobar a materia é necesario asistir aos seminarios. Dentro do mesmo ano académico gardaranse as partes superadas

Bibliografía. Fontes de información

McRae, Ronald, **Exploración clínica ortopédica**, 2005,

SECOT, **Manual SECOT de cirugía ortopédica y traumatología. Vol.1 y vol.2**, 2010,

Delgado Martinez, **Cirugía ortopédica y traumatología**, 2009,

Hoppenfeld, **Exploración física de la columna vertebral y extremidades**, 2000,

Seco J. [Dir.], **Afecciones Médico-Quirúrgicas para Fisioterapeutas. Serie Sistema Músculo-Esquelético.**, Volumen III. , Madrid. Ed. Panamericana;

Recomendacións

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Afeccións médicas/P05G170V01302

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Afeccións medicocirúrxicas/P05G170V01201

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G170V01101

Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G170V01103

DATOS IDENTIFICATIVOS**Afeccións médicas**

Materia	Afeccións médicas			
Código	P05G170V01302			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	FB	2	1c
Lingua de impartición				
Departamento	BioloXía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Maceiras García, María Lourdes			
Profesorado	Maceiras García, María Lourdes			
Correo-e	lurdesmg@uvigo.es			
Web	http://mpsp.webs.uvigo.es			
Descrición xeral				

Competencias

Código	
B1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.
B5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
B12	Intervir nos ámbitos de promoción, prevención, protección e recuperación da saúde.
B14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
C14	Coñecer e comprender os conceptos de exploración física, valoración, diagnóstico e pronóstico; as bases teóricas das valoracións, test e comprobacións funcionais, a avaliación científica da súa utilidade e efectividade, así como as etapas e recursos do proceso de intervención de fisioterapia
C15	Coñecer e comprender os aspectos xerais da patoloxía de etioloXía endóxena e exóxena relacionada coa fisioterapia de todos os aparatos e sistemas cos seus tratamentos médicos, cirúrxicos, fisioterapéuticos e ortopédicos
C22	Coñecer e comprender as teorías que sustentan a capacidade de resolución de problemas e o razoamento clínico
C35	Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais
C38	Executar, dirixir e coordinar, o Plan de Intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais, discapacidades e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde
C42	Intervir nos ámbitos de promoción da saúde e prevención da enfermidade
C45	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional
C49	Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar a contorna en situacións de tensión
D1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.
D2	Capacidade de análise e síntese.
D3	Capacidade de organización e planificación.
D4	Capacidade de xestión da información
D5	Resolución de problemas
D6	Toma de decisións
D9	Compromiso ético
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Razoamento crítico
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Motivación por a calidade.
D17	Adaptación a novas situacións
D23	Traballar con responsabilidade
D24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora
D29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe
---------------------------------	---------------------------------------

Posuír e comprender coñecementos da patoloxía médica e cirúrxica humanas para aplicalos ao uso da fisioterapia.	B1 B5 B12	C14 C15 C35 C38 C42	D2 D5 D6 D9 D23
Identificar e explicar a etioloxía e fisiopatoloxía das enfermidades neurolóxicas, neumolóxicas, cardiolóxicas e gastroenterolóxicas, e identificar as manifestacións que aparecen ao longo do proceso de enfermar.	B1 B5 B12	C14 C15 C22 C35 C38 C42 C45 C49	D1 D2 D4 D5 D6 D9 D12 D15 D16 D17 D23 D24
Valorar a saúde dun paciente en todos os seus aspectos.	B1 B5 B12 B14	C14 C15 C22 C35 C42 C49	D1 D2 D4 D5 D6 D9 D11 D12 D17 D23
Describir os tratamentos médico-cirúrxicos e de rehabilitación asociados ás enfermidades.	B1 B5 B12 B14	C14 C15 C22 C35 C38 C42 C45 C49	D1 D2 D4 D5 D6 D9 D12 D15 D16 D17 D23 D24 D29
Determinar a súa competencia profesional e os seus límites, e a necesidade do traballo en equipo.	B5 B12 B14	C15 C22 C35 C38 C49	D4 D5 D6 D9 D11 D12 D15 D16 D17 D23 D29
Explicar e xustificar a necesidade de fomentar a participación do usuario e a súa familia no seu proceso de recuperación.	B5 B12 B14	C22 C35 C42	D1 D3 D5 D9 D11 D16 D23

Contidos

Tema

Neuroloxía	Función neurolóxica. Enfermidades da 1ª e 2ª neuronas motoras (motoneuronas superior e inferior). Enfermidades da unión neuromuscular e do músculo estriado. Enfermidades da coordinación motora (do movemento.). Enfermidades do sistema extrapiramidal; trastornos hipocinéticos e hiperkinéticos. Enfermidades da sensibilidade; dor; patoloxía dos sistemas sensoriais. Enfermidades do Sistema Nervioso Autónomo. Enfermidades da médula espinal. Enfermidades do Sistema Nervioso Periférico. Enfermidades da corteza cerebral. Enfermidades do estado de conciencia. Enfermidades do líquido cefalorraquídeo e das meninxes. Enfermidades neurovasculares; hipertensión intracraneal.
Neumoloxía	Función respiratoria. Insuficiencia respiratoria. Enfermidades do parénquima pulmonar, da pleura e do mediastino. Enfermidades da circulación pulmonar; hipertensión pulmonar; edema pulmonar.
Cardioloxía e Anxioloxía	Función cardiocirculatoria. Insuficiencia cardíaca; shock. Valvulopatías. Arritmias cardíacas. Aterosclerosis; isquemia miocárdica. Enfermidades do pericardio. Enfermidades da presión arterial. Enfermidades vasculares periféricas: arteriais, venosas e linfáticas.
Gastroenteroloxía	Función dixestiva. Enfermidades do esófago. Enfermidades gastroduodenais. Enfermidades intestinais. Enfermidades do fígado e das vías biliares. Enfermidades do páncreas. Enfermidades vasculares dixestivas. Enfermidades do peritoneo.
Dermatoloxía	Patoloxía dermatolóxica frecuente.
SEMINARIOS	1º: Exploración dos pares craneais, 2º: Exploración dos reflexos. 3º: Motivos de consulta frecuentes.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Seminarios	8	20	28
Sesión maxistral	39	81	120
Probas de tipo test	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.
Seminarios	Actividades enfocadas ao traballo sobre un tema específico, que permitan afondar ou complementar os contidos da materia.
Sesión maxistral	As clases teóricas serán participativas e utilizarase a consulta didáctica, debate, estudo de casos e estratexias de resolución de problemas, cunha aprendizaxe activa.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Sesión maxistral	1.- O alumnado ten que se dar de alta no Servizo de Teledocencia: FaiTIC (plataforma TEMA), cubrir a ficha virtual: aportando os seus datos e unha foto, e participar nas actividades que se fan a través del, para o correcto seguimento da materia. 2.- Titorías: Poden realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Lévanse a cabo no despacho e no horario indicado nel e na guía docente, sendo de 6 horas á semana. Tamén poden realizarse por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través da FaiTIC. 3.- Organización social do traballo do alumnado: Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos: * Grupo A ou grupo grande (hai 1): clases teóricas e exposicións de traballos na aula. * Grupo B ou grupo mediano (hai 3): seminarios. * Individual: exame.
Actividades introdutorias	1.- O alumnado ten que se dar de alta no Servizo de Teledocencia: FaiTIC (plataforma TEMA), cubrir a ficha virtual: aportando os seus datos e unha foto, e participar nas actividades que se fan a través del, para o correcto seguimento da materia. 2.- Titorías: Poden realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Lévanse a cabo no despacho e no horario indicado nel e na guía docente, sendo de 6 horas á semana. Tamén poden realizarse por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través da FaiTIC. 3.- Organización social do traballo do alumnado: Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos: * Grupo A ou grupo grande (hai 1): clases teóricas e exposicións de traballos na aula. * Grupo B ou grupo mediano (hai 3): seminarios. * Individual: exame.

Seminarios	1.- O alumnado ten que se dar de alta no Servizo de Teledocencia: FaiTIC (plataforma TEMA), cubrir a ficha virtual: aportando os seus datos e unha foto, e participar nas actividades que se fan a través del, para o correcto seguimento da materia. 2.- Titorías: Poden realizarse en grupo ou de xeito individualizado, de cara á orientación e asesoramento académico, profesional e persoal. Lévanse a cabo no despacho e no horario indicado nel e na guía docente, sendo de 6 horas á semana. Tamén poden realizarse por correo electrónico ao enderezo electrónico do profesorado indicando no asunto: TITORÍAS, ou a través da FaiTIC. 3.- Organización social do traballo do alumnado: Para o desenvolvemento da docencia faranse grupos: * Grupo A ou grupo grande (hai 1): clases teóricas e exposicións de traballos na aula. * Grupo B ou grupo mediano (hai 3): seminarios. * Individual: exame.
------------	---

Avaliación						
	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Seminarios	A asistencia aos seminarios é obrigatoria. Realizarase unha observación sistemática do alumnado para recoller datos sobre a súa participación no desenvolvemento deles.	10	B1 B5 B12 B14	C14 C15 C22 C35 C42 C45 C49	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D9	D11 D12 D15 D17 D23 D24 D29
Sesión maxistral	Haberá un exame final da materia, unha proba tipo test de resposta única. Cada pregunta ben respondida contará 1 punto; as deixadas en branco non descontarán puntuación, pero as que teñan a resposta equivocada si, segundo a fórmula: acertos - (erros / nº de opcións de resposta en cada pregunta).	90	B1 B5 B12	C14 C15 C35 C38 C42 C49	D1 D2 D3 D4 D5 D6	D12 D15 D16 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder presentarse o exame teórico en calquera das dúas convocatorias é obrigatorio asistir aos seminarios

Para aprobar a materia, e necesario superar as dúas partes (teórica e seminarios) independentemente. Se só se aproba unha das partes, consérvase ese aprobado dentro do mesmo curso académico (ata xullo), pero non dun curso aos seguintes.

Bibliografía. Fontes de información

- Rozman C, Cardellach F, (eds)., **Farreras & Rozman. Medicina Interna.**, 17ª ed. Barcelona: Elsevier;,
Kasper DL, Braunwald E, Fauci AS, Hauser SL, Longo DL, Jameson JL, (eds)., **Harrison. Principios de Medicina Interna.**, 16ª ed. México D.F.: McGraw-Hill / Interamericana;,
Goodman CC, Snyder TK., **Patología médica para fisioterapeutas.**, 3ª ed., 1ª reimp. Madrid: McGraw-Hill / Interamericana;,
Laso FJ., **Introducción a la Medicina Clínica. Fisiopatología y semiología.**, 2ª ed. Barcelona: Elsevier / Masson;,
Blanco FJ, Carreira P, Martín E, Mulero J, Navarro F, Olivé A, Tornero J., **Sociedad Española de Reumatología. Manual SER de las Enfermedades Reumáticas.**, 4ª ed. Madrid: Panamericana;,
Barberà JA, Peces-Barba G, Agustí AGN, Izquierdo JL, Monsó E, Montemayor T, Viejo JL, Grupo de traba, **Normativa SEPAR. Guía clínica para el diagnóstico y tratamiento de la enfermedad pulmonar obstructiva crónica.**, Arch Bronconeumol. 2001; 37 (6): 297- 316. [Acceso 1 septiembre 2012].,
Mandell GL, Bennett JE, Dolin R., **Mandell, Douglas and Bennett's. Principles and Practice of Infectious Diseases.**, 6ª ed. Philadelphia (USA): Elsevier;,
Feldman M, Friedman LS, Sleisenger MH., **Sleisenger & Fordtran. Enfermedades gastrointestinales y hepáticas. Fisiopatología, diagnóstico y tratamiento.**, 7ª ed. Buenos Aires: Médica Panamericana;,
Victor M, Ropper AH, (eds)., **Adams y Victor. Principios de Neurología.**, 2ª ed. México D.F.: McGraw-Hill / Interamericana;,
Seco J. [Dir.], **Afecciones Médico-Quirúrgicas para Fisioterapeutas. Serie Sistema Músculo-Esquelético.**, Volumen III. , Madrid. Ed. Panamericana;

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Farmacoloxía/P05G170V01908

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Afeccións cirúrxicas/P05G170V01301

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Afeccións medicocirúrxicas/P05G170V01201

Anatomía humana: Anatomía humana/P05G170V01101

Fisioloxía: Fisioloxía humana/P05G170V01103

DATOS IDENTIFICATIVOS**Cinesiterapia**

Materia	Cinesiterapia			
Código	P05G170V01303			
Titulación	Grao en Fisioterapia			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	2	1c
Lingua de impartición				
Departamento	Bioloxía funcional e ciencias da saúde			
Coordinador/a	Iglesias Santos, Rosa González Represas, Alicia			
Profesorado	González Norés, José Carlos González Represas, Alicia Iglesias Santos, Rosa			
Correo-e	alicia@uvigo.es rosai@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral				

Competencias

Código	
B1	Coñecer e comprender a morfoloxía, a fisioloxía, a patoloxía e a conduta das persoas, tanto sas coma enfermas, no medio natural e social.
B2	Coñecer e comprender as ciencias, os modelos, as técnicas e os instrumentos sobre os que se fundamenta, articula e desenvolve a fisioterapia.
B3	Coñecer e comprender os métodos, procedementos e actuacións fisioterapéuticas, encamiñados tanto á terapéutica propiamente dita, a aplicar na clínica para a reeducación ou recuperación funcional, como á realización de actividades dirixidas á promoción e mantemento da saúde.
B5	Valorar o estado funcional do paciente, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais.
B14	Incorporar os principios éticos e legais da profesión na práctica profesional así como integrar os aspectos sociais e comunitarios na toma de decisións.
B15	Participar na elaboración de protocolos asistenciais de fisioterapia baseada na evidencia científica.
B19	Comunicarse de modo efectivo e claro, tanto de forma oral coma escrita, cos usuarios do sistema sanitario así como con outros profesionais.
C7	Coñecer e comprender as bases físicas dos distintos axentes físicos e as súas aplicacións en Fisioterapia
C9	Coñecer e comprender a aplicación dos principios ergonómicos e antropométricos
C16	Coñecer e comprender os cambios estruturais, fisiolóxicos, funcionais e de conduta que se producen como consecuencia da intervención da Fisioterapia
C18	Coñecer e comprender os procedementos fisioterapéuticos xenerais e os derivados doutros axentes físicos
C20	Adquisición de vocabulario propio no campo da Fisioterapia
C21	Adquirir formación científica básica en investigación
C35	Valorar o estado funcional do paciente/usuario, considerando os aspectos físicos, psicolóxicos e sociais
C38	Executar, dirixir e coordinar, o Plan de Intervención de Fisioterapia, atendendo ao principio da individualidade do usuario e utilizando as ferramentas terapéuticas propias da Fisioterapia, é dicir, o conxunto de métodos, procedementos, actuacións e técnicas que mediante a aplicación dos medios físicos: curan, recuperan, habilitan, rehabilitan, adaptan e readaptan ás persoas con deficiencias, limitacións funcionais, discapacidades e minusvalías; preveñen as enfermidades e promoven a saúde ás persoas que queren manter un nivel óptimo de saúde
C39	Avaliar a evolución dos resultados obtidos co tratamento de Fisioterapia en relación aos obxectivos marcados e aos criterios de resultados establecidos. Para iso será necesario: definir e establecer os criterios de resultados; realizar a valoración da evolución do paciente/usuario; rediseñar os obxectivos segundo a valoración, si é preciso; e adecuar o plan de intervención ou tratamento aos novos obxectivos, no seu caso
C41	Proporcionar unha atención de Fisioterapia de forma eficaz, outorgando unha asistencia integral aos pacientes/usuarios, para o que será necesario: Interpretar as prescricións facultativas; preparar o entorno en que se levará a cabo a atención de Fisioterapia para que sexa comfortable; manter informado ao paciente do tratamento que se lle aplica, explicándolle as probas e manobras que se lle practican, a preparación que requiren, e exhortarlle a que colabore en todo momento; rexistrar diariamente a aplicación da atención en Fisioterapia, a evolución e os incidentes da mesma; identificar signos e síntomas de alteración das funcións biolóxicas relacionados coa atención de Fisioterapia; controlar e interpretar os signos vitais durante a execución do tratamento diario; orientar as actividades e modo de actuación en relación cos pacientes/usuarios, do persoal non sanitario e subalterno; e avaliar a propia atención proporcionada aos pacientes/usuarios
C45	Incorporar a investigación científica e a práctica baseada na evidencia como cultura profesional
C49	Afrontar o estrés, o que supón ter capacidade para controlarse a si mesmo e controlar a contorna en situacións de tensión

C51	Motivar a outros. O que supón ter a capacidade de xerar nos demais o desexo de participar activamente e con ilusión en calquera proxecto ou tarefa
C52	Aplicar os principios ergonómicos ou de hixiene postural no desenvolvemento da súa actividade
D1	Comunicación oral e escrita nas linguas cooficiais da Comunidade Autónoma.
D2	Capacidade de análise e síntese.
D3	Capacidade de organización e planificación.
D4	Capacidade de xestión da información
D5	Resolución de problemas
D6	Toma de decisións
D7	Coñecementos de informática relativos ao ámbito de estudo
D9	Compromiso ético
D10	Traballo en equipo
D11	Habilidades nas relacións interpersoais
D12	Razoamento crítico
D13	Recoñecemento da diversidade e a multiculturalidade.
D15	Aprendizaxe autónoma
D16	Motivación por a calidade.
D17	Adaptación a novas situacións
D18	Creatividade
D19	Iniciativa e espírito emprendedor
D20	Liderado
D23	Traballar con responsabilidade
D24	Manter unha actitude de aprendizaxe e mellora
D25	Manifestar respecto, valoración e sensibilidade ante o traballo dos demais
D27	Manifestar discreción
D28	Mostrar a súa orientación ao paciente/usuario
D29	Axustarse aos límites da súa competencia profesional
D30	Desenvolver a capacidade para organizar e dirixir

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Describir o concepto e as bases da Cinesiterapia	B2	C7	C18
Describir os principios xerais de aplicación da Cinesiterapia	B1	C9	
	B2		
	B3		
Clasificar as diferentes modalidades e métodos de aplicación da Cinesiterapia	B2		
Describir as bases e os fundamentos de aplicación dos diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva	B3		
Analizar as diferencias entre os diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva	B3		
Explicar os efectos fisiolóxicos e terapéuticos da Cinesiterapia Pasiva	B1	C16	
Identificar e explicar as indicacións e contraindicacións da Cinesiterapia Pasiva	B1	C16	
Describir as bases e os fundamentos de aplicación dos diferentes métodos de Cinesiterapia Activa	B3		
Analizar as diferencias entre os diferentes métodos de Cinesiterapia Activa	B3		
Explicar os efectos fisiolóxicos e terapéuticos da Cinesiterapia Activa	B1		
Identificar e explicar as indicacións e contraindicacións da Cinesiterapia Activa	B1		
Describir o concepto e os fundamentos da hidrocinesiterapia	B3		
Clasificar as diferentes modalidades e métodos de aplicación da Hidrocinesiterapia dentro da clasificación da Cinesiterapia	B2		
	B3		
Describir a progresión do exercicio na auga	B2		
Explicar os efectos fisiolóxicos e terapéuticos da Hidrocinesiterapia	B1		
Identificar e explicar as indicacións e contraindicacións da Hidrocinesiterapia	B1		
Definir o concepto de mecanoterapia	B3		
Identificar e describir os principais equipos de mecanoterapia	B3		
Aplicación práctica dos principios xerais de Cinesiterapia na execución dos diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva e Activa	B19	C52	
Executar os diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva en membro superior	B19	C41	D11
		C52	D27
			D28
Executar os diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva en membro inferior	B19	C41	D11
		C52	D27
			D28
Executar os diferentes métodos de Cinesiterapia Pasiva en columna vertebral	B19	C41	D11
		C52	D27
			D28

Executar os diferentes métodos de Cinesiterapia Activa en membro superior	B19	C41 C52	D11 D27 D28
Executar os diferentes métodos de Cinesiterapia Activa en membro inferior	B19	C41 C52	D11 D27 D28
Executar os diferentes métodos de Cinesiterapia Activa en columna vertebral	B19	C41 C52	D11 D27 D28
Realizar, expoñer e defender en grupo un traballo práctico de Cinesiterapia	B5 B14 B15	C20 C21 C35 C38 C39 C45 C49 C51	D1 D2 D3 D4 D5 D6 D7 D9 D10 D11 D12 D13 D15 D16 D17 D18 D19 D20 D23 D24 D25 D28 D29 D30

Contidos

Tema

PROGRAMA TEÓRICO

I. CINESITERAPIA.

I.1. Concepto de cinesiterapia. Concepto de repouso e relaxación I.2. Recordo histórico da cinesiterapia. I.3. Axentes cinéticos. Bases físicas do movemento. I.4. Principios xerais de aplicación da cinesiterapia. I.5. Posicións fundamentais, derivadas e anexas. I.6. Clasificación de cinesiterapia: Pasiva e Activa. Hidrocinesiterapia. I.7. Equipos isocinéticos. Introducción.

II. CINESITERAPIA PASIVA

II.1. Concepto. Principios xerais de aplicación de Cinesiterapia pasiva. II.2. Integración de clasificacións da Cinesiterapia pasiva: Clasificación clásica. Clasificación segundo a escola francesa. II.3. Cinesiterapia pasiva: relaxada e forzada. II.3.1. Cinesiterapia pasiva relaxada: analítica simple e funcional ou global II.3.2. Cinesiterapia pasiva forzada: mantida e momentánea. II.3.2.1 Cinesiterapia pasiva forzada mantida: cinesiterapia analítica específica. Traccións articulares. Posturas osteoarticulares. Estiramientos musculares. II.3.2.2. cinesiterapia pasiva forzada momentánea: manipulacións. II.4. Modalidades de aplicación da Cinesiterapia pasiva: manual, instrumental e autopasiva. II.6. Efectos fisiolóxicos. Efectos terapéuticos. Indicacións xerais da Cinesiterapia pasiva. Contraindicacións xerais da Cinesiterapia pasiva.

III. CINESITERAPIA ACTIVA

III.1. Concepto. Tipos de motilidade: reflexa, automática e voluntaria. III.2. Elaboración do movemento voluntario. Diferentes tipos de contracción muscular. III.3. Principios xerais da cinesiterapia activa III.4. Clasificación da Cinesiterapia activa: - Cinesiterapia activa asistida. - Cinesiterapia activa resistida. - Cinesiterapia activa libre. III.5. Efectos fisiolóxicos. Efectos terapéuticos. Indicacións e contraindicacións.

IV. CINESITERAPIA ACTIVA ASISTIDA

IV.1. Concepto. Principios xerais. IV.2. Clasificación: Cinesiterapia Activa asistida manual. Cinesiterapia activa asistida instrumental. IV.3. Técnicas específicas: IV.3.1. Suspensionterapia: concepto. Tipos de suspensión. IV.3.2. Poleoterapia asistida: principios xerais de aplicación. IV.3.3. Combinación de suspensión e poleoterapia.

V. CINESITERAPIA ACTIVA RESISTIDA	1. Concepto. Factores condicionantes do desenvolvemento muscular. V.2. Clasificación: Cinesiterapia activa resistida manual. Cinesiterapia activa resistida instrumental. V.3. Métodos dinámicos de cargas crecentes directas: método de Delorme e método Dotte. V.4. Método dinámico de cargas crecentes indirectas: método Rocher. V.5. Métodos dinámicos de cargas decrecentes directas: método de Mac Govern e Luscombe e método de Zinovieff. V.6. Métodos estáticos: método de Hettinger e Muller. V.7. Efectos fisiolóxicos. Efectos terapéuticos. Indicacións e contraindicacións.
VI. CINESITERAPIA ACTIVA LIBRE.	VI.1. Conceptualización do exercicio terapéutico. Principios xerais. VI.2. Efectos fisiolóxicos e terapéuticos. VI.3. Indicacións e contraindicacións VI.1. Pautas para a realización de exercicio terapéutico VI.2. Introducción a métodos específicos: estiramientos miotendinosos. Propiocepción.
VII. HIDROCINESITERAPIA. XENERALIDADES	VII.1. Introducción. Concepto e recordo histórico. VII.2. Clasificación da hidrocinesiterapia. VII.3. Implicacións hidrodinámicas en hidrocinesiterapia. VII.3.1. Factores inherentes ao medio acuático. VII.3.2. Factores inherentes ao corpo en movemento. VII.4. Movemento na auga. VII.5. Principios xerais en hidrocinesiterapia. VII.6. Equipo accesorio. VII.7. Progresión do exercicio na auga.
VIII. MÉTODOS DE TRABALLO EN HIDROCINESITERAPIA	VIII.1. Métodos de traballo en hidrocinesiterapia. VIII.1.1. Hidrocinesiterapia pasiva. VIII.1.2. Hidrocinesiterapia activa. VIII.2. Desenvolvemento de circuitos dentro da auga. VIII.3. Efectos fisiolóxicos e terapéuticos da hidrocinesiterapia. Indicacións e contraindicacións.
IX. MECANOTERAPIA	IX.1. Concepto e indicacións. IX.2. Equipos especiais: aparatos de tracción, bicicleta cinética, roda de ombro, mesa de man, espaleiras, bancos de cinesiterapia activa-resistida, paralelas, escaleiras, rampla, escaleiras de dedos, táboa e prato de Boheler, táboa balancín de Dotte e gaiola de Rocher.
PROGRAMA PRÁCTICO: I. CINESITERAPIA PASIVA	Cinesiterapia pasiva manual I.1. Técnica xeral. Altura da padiola. Posición do paciente. Posición do fisioterapeuta. Colocación da toma e contratoma. I.2. Cinesiterapia pasiva funcional aplicada manualmente a: I.2.1. Complexo articular do ombro e cintura escapular. I.2.2. Membro superior. I.2.3. Cintura pelviana. I.2.4. Membro inferior. I.2.5. Columna vertebral. I.3. Cinesiterapia pasiva analítica simple e Cinesiterapia pasiva analítica específica aplicada manualmente a: I.3.1. Complexo articular do ombro e cintura escapular. I.3.2. Membro superior. I.3.3. Cintura pelviana. I.3.4. Membro inferior. I.3.5. Columna vertebral. I.4. Técnicas específicas de cinesiterapia pasiva manual. Exemplos prácticos de aplicación por zonas topográficas de: I.4.1. Traccións articulares manuais. I.4.2. Posturas osteoarticulares. I.4.3. Estiramientos musculares. I.5. Cinesiterapia autopasiva. Aplicación por zonas topográficas. Cinesiterapia pasiva instrumental. I.6. Cinesiterapia pasiva relaxada instrumental: descrición dos equipos, manexo dos mesmos e coidados dos equipos. I.7. Cinesiterapia pasiva forzada. I.7.1. Tracción articular instrumental: descrición dos equipos, manexo dos mesmos e coidados dos equipos. I.7.2. Tracción articular instrumental aplicada a: I.7.2.1. Columna cervical. I.7.2.2. Columna dorsal. I.7.2.3. Columna lumbar. I.7.3. Posturas osteoarticulares.

II. CINESITERAPIA ACTIVA

Cinesiterapia activa asistida e activa resistida manual. II.1. Técnica xeral. Posición do paciente. Posición do fisioterapeuta. Colocación da toma e contratoma. II.2. Cinesiterapia activa-asistida e Cinesiterapia activa-resistida aplicada manualmente a: II.2.1. Complexo articular do ombro e cintura escapular. II.2.2. Membro superior. II.2.3. Cintura pelviana. II.2.4. Membro inferior. II.2.5. Columna vertebral. Cinesiterapia activa asistida e activa resistida instrumental. II.3. Suspensionterapia: técnica xeral. Instrumentación necesaria para a súa aplicación. II.4. Suspensionterapia pendular, axial concéntrica e axial excéntrica aplicada a: II.4.1. Complexo articular do ombro e membro superior. II.4.2. Membro inferior. II.2.3. Columna vertebral. II.5. Poleoterapia. Técnica xeral. Instrumentación necesaria para a súa aplicación. Montaxe dun circuíto de poleas. Colocación da primeira polea. Colocación da segunda polea. Exemplos prácticos de aplicación por zonas topográficas. II.6. Métodos de fortalecemento. Técnica xeral. Cálculo da resistencia máxima (RM) e a 10ªRM. II.6.1. Aplicación do método de Delorme. Método de Dotte. Exemplos prácticos de aplicación por zonas topográficas. II.6.2. Método de Mac Govern e Luscombe. Método Zinovieff. Exemplos prácticos de aplicación por zonas topográficas. II.6.3. Método de Hettinguer e Muller. Exemplos prácticos de aplicación por zonas topográficas. Cinesiterapia activa libre. II.7. Cinesiterapia activa libre aplicada a: II.7.1. Complexo articular do ombro e cintura escapular. II.7.2. Membro superior. II.7.3. Cintura pelviana. II.7.4. Membro inferior. II.7.5. Columna vertebral.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Sesión maxistral	30	66	96
Traballos tutelados	1	21	22
Prácticas de laboratorio	41	56	97
Presentacións/exposicións	2	0	2
Actividades introdutorias	1	0	1
Probas de resposta longa, de desenvolvemento	2	0	2
Probas prácticas, de execución de tarefas reais e/ou simuladas.	1	0	1
Traballos e proxectos	0	4	4

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Sesión maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos sobre a materia. Empregaranse novas tecnoloxías da información e da comunicación para o desenvolvemento das clases que serán participativas e se utilizará a consulta didáctica, debate e estudo de casos e estratexias de resolución de problemas. O alumno terá á súa disposición na plataforma tema os apuntamentos elaborados polo profesor que lle servirán de guía.
Traballos tutelados	O estudante, en grupo, elabora un traballo sobre a temática da materia. Trátase dunha actividade autónoma dos estudantes que inclúe a busca e recollida de información, lectura e manexo de bibliografía, redacción, exposición e defensa do traballo elaborado sobre unha modalidade de Cinesiterapia que deberán demostrar na práctica.
Prácticas de laboratorio	Actividades de aplicación dos coñecementos a situacións concretas e de adquisición de habilidades básicas e procedementais relacionadas coa materia obxecto de estudo. Desenvólvense en espazos especiais con equipamento especializado. Utilizarase a demostración experimental, a estratexia de simulación, o tratamento didáctico de erros e adestramento sistemático. O profesor fará a demostración de como se debe realizar a valoración, a continuación os alumnos realizarán por parellas a práctica entre eles, sendo corrídos polo profesor e aclarando todas as dúbidas que poidan xurdir. Na corrección terase en conta por unha parte a posición do usuario/paciente, as tomas e contratomas realizadas, así como a execución da manobra e por outra parte a altura da mesa de tratamento e a postura do alumno que está a realizar a práctica. Así mesmo, terase en conta a actitude do alumno.
Presentacións/exposición	Exposición e defensa por parte do alumno ante o docente e os estudantes do traballo tutelado.
Actividades introdutorias	Actividades encamiñadas a tomar contacto e reunir información sobre o alumnado, así como a presentar a materia.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
--------------	------------

